

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 26 | XUÑO 2011

O 'ESTADO DE REBELIÓN' CHEGOU PARA QUEDAR

O movemento 15 de Maio evoluciona a pasos de xigante. O que comezou como unha protesta fundamentalmente contra a 'clase política', pasou en poucos días a cuestionar a lexitimidade das eleccións do día 22, o proxecto europeo e mesmo o sistema capitalista



JAIME PASTOR
Sociólogo.
Membro do
Consello de
Redacción de
Viento Sur

As marchas e manifestacións que percorreron innumerábeis cidades e pobos durante o domingo 19 de xuño, ao redor de lemas como "Contra a Crise e o Capital", e "Non ao Pacto do Euro", supoñen un avance extraordinario respecto da mobilización iniciada hai pouco máis dun mes que nos ten que encher de esperanzas sobre a evolución e a centralidade que pode adquirir este movemento 15M nos vindeiros tempos.

En efecto, unha protesta que o 15 de maio parecía inicialmente estar circunscrita por parte dalgunha das redes promotoras á denuncia da "clase política" e á posterior definición dun mediatizado "consenso de mínimos" que non parecía atacar as raíces do slogan que presidira a irrupción masiva nas rúas –“Non somos mercadoría nas mans de políticos e banqueiros”– pasou axiña a se transformar nun movemento que non só cuestiona a lexitimidade alcanzada nas urnas polos grandes partidos o pasado 22 de maio, senón que agora pasa a atacar abertamente un proxecto europeo disposto a acabar cos restos dun Estado de benestar cada vez máis min-guante.

Así, xunto á demostración xa dabondo feita de que é posíbel outro xeito de facer política mediante un altísimo grao de autoorganización e a procura do consenso a través de debates moitas veces interminábeis, vimos tamén a ampliación dun repertorio de accións cada vez máis diversas que tivo, primeiro nas acampadas e, logo, na paralización dos desafuizamentos e o bloqueo ás reunións das institucións municipais e autonómicas as súas expresións máis simbólicas. Nin seque- ra o intento de criminalización do

movemento en Barcelona o pasado 15-X polos actos violentos que alí aconteceron –e nos que parece verosímil a provocación policial– logrou deslexitimar a firme opción a favor da desobediencia civil non violenta, xerando até unha maior participación o 19-X.

Namentres, vimos difundirse incontábeis propostas que grazas ás redes sociais se foron difundindo por todo o territorio e puxeron de manifesto que, como pasa en acontecementos similares na historia, é unha longa lista de reivindicacións, todo un *cahier de doléances*, o que as xentes que saíron á rúa queren mostrar como carta de presentación do que xa se anuncia como o inicio dunha loita longa, dun “estado de rebelión”, como acertadamente definía Enrique Dussel hai pouco a “digna rabia” [1] que a escala global se está a estender tamén en Europa fronte ao “estado de excepción económica e social”.

A facilidade con que o rexeitamento ao Pacto do Euro e a confluencia en lugares como Madrid coas plataformas que desde hai tempo levaban preparando a marcha deste 19-X foron asumidas polo movemento 15-M, é tamén unha confirmación dese tan rápido proceso de asunción compartida da loita por unha democracia participativa e pola xustiza social pola gran maioría das persoas que desde o 15-M están a tomar as prazas e as rúas. Un proceso que non rematou e que se está vendo enriquecido constantemente coas achegas que, buscando responder a todas e cada unha das inxustizas existentes nesta sociedade, conclúen con demandas concretas e argumentadas desde as comisións e asembleas.

Emporiso trabúcnense tantos comentaristas e tertulianos, e até algúns críticos de esquerdas, cando se limitan a facer fotos fixas do movemento ou a buscar quen están detrás do mesmo, ignorando que estamos diante dun novo suxeito emerxente, en constante proceso



de construción e sorprendéndonos a cada paso, máis aló dos tropezos inevitábeis e anecdóticos, pola súa capacidade de innovar e mesturar tantas sensibilidades procedentes da enorme diversidade de xentes que forman parte do mesmo. Boa proba do erro de quedar nunha foto fixa é o artigo de Bonifacio de la Cuadra en El País do 20 de xu-

ño –“O 15M, máis democracia que esquerda”–, no que afirma que “as propostas do 15M non se sitúan á esquerda”. Xustamente ao día seguinte de que, como se pode ver nos documentos que foron difundíndose desde as Comisións de Economía ou de Feminismos de Madrid, por exemplo, se fixese unha denuncia do “Pacto polo Euro” desde unha

óptica que sen dúbida se sitúa á esquerda, sempre, iso si, que cheguemos a resignificar esa palabra liberándoa da carga convencional dominante, asociándoa claramente ao que vén de “os e as de abaixo”.

As accións previstas con ocasión dos debates parlamentares sobre a reforma da negociación colectiva ou sobre o “Estado da Nación” durante estes días, as marchas que se inician desde distintos lugares para confluír en Madrid o vindeiro 23 de xullo; a preparación dunha nova xornada de mobilización para o 15 de outubro e a perspectiva dunha Folga Xeral de todos e todas antes de fin de ano, todo este calendario de mobilizacións confirma a sensación de forza colectiva e lexitimidade social alcanzadas e a firme vontade de seguir adiante nunha loita que, como a crise sistémica, será sen dúbida dura e prolongada.

Porque de novo hai que lembrar que nos atopamos ante a crise máis grave do capitalismo euro-norteamericano, coa ameaza de que o desastre da economía grega leve por diante a do euro e xere un movemento de insurrección popular non violenta que desde o pobo grego se estenda a outros países do continente. É, xa que logo, á crise de lexitimidade de todo un sistema e de todo un “proxecto europeo” que fai augas por todas partes, buscando cebarse máis se cabe nos e nas máis débiles para tratar de saír adiante, á que debemos prepararnos para pasar da resistencia actual ao comezo de procesos de ruptura que apunten cara a un outro mundo e outra Europa posíbeis. A solidariedade e a converxencia co pobo grego fronte á chantaxe que a UE e o FMI acaban de poñerlle son hoxe a principal tarefa de todos e todas os indignados e indignadas. ●

•INFO: www.vientosur.info. Artigo cedido polo autor a Altermundo.

[1] www.vientosur.info/articulosweb/noticia/index.php?x=3954



COMEZA UNHA REVOLUCIÓN ANTICAPITALISTA?

Europa, Norte de África, Oriente Medio... De agora en diante a historia será distinta: os condenados da terra non queren seguir vivindo como antes e os ricos comezan a percibir que non poderán seguir dominando coma antes



ATILIO BORÓN
Politólogo e sociólogo arxentino, é profesor de Teoría Política e Social, na Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Bos Aires

Nunha pasaxe memorábel do *Manifesto Comunista* Marx e Engels sosteñen que co seu ascenso, a burguesía desgarró impiadosamente o veo ideolóxico que impedía que homes e mulleres percibisen a verdadeira natureza das súas relacións sociais “para non deixar subsistir outro vínculo que o frío interese, o pago en man”. O capitalismo, dicían, “afogou o sacro éxtase do fervor relixioso, o entusiasmo caballescuro e o sentimentalismo do pequeno burgués nas... augas xeadas do cálculo egoísta... Nunha palabra, en lugar da explotación velada por ilusións relixiosas e políticas estableceu unha explotación aberta, descarada, directa e brutal.” E rematan esa sentenza dicindo que nese mundo construído pola burguesía “todo o sólido se esluíu no aire; todo o sacro é profanado e os homes, ao cabo, vense forzados a se enfrontar, sobriamente, coas súas condicións reais de existencia e as súas relacións recíprocas.”

Varias consideracións son pertinentes en relación a estas palabras. En primeiro lugar para expresar a admiración que aínda hoxe esperta esa extraordinaria capacidade dos fundadores do materialismo histórico para retratar, nuns poucos trazos, as profundas consecuencias que o ascenso da burguesía tivo sobre os homes e mulleres daquel tempo. Segundo, para dicir que o propio Marx revisaría aquela tese cando no primeiro capítulo da súa obra cume, *O Capital*, senta as liñas xerais da súa teoría do fetichismo da mercadería. Revisión que non significaba unha corrección no tocante ao tránsito histórico do feudalismo ao capitalismo, pero si sobre o carácter aberto e transparente da explotación no seo da sociedade capitalista. Na nova formulación de Marx a explotación fica invisíbel, agachada baixo os pregues do mercado e disimulada pola falsa equidade da compravenda da forza de traballo. Nesa ficción o obreiro desprovisto dunha conciencia socialista que o inicie nos segredos da plusvalía pode mesmo chegar a, enganosamente, congratularse pola “boa” remuneración recibida do seu patrón.

Terceiro, e principalmente a isto queremos referirnos, para dicir que cando da vida política se trata as palabras aquelas do *Manifesto* son dunha forza profética



incomparábel. A nova crise xeral do capitalismo mergullou as ilusións fomentadas polos mentores e beneficiarios da democracia li-

ba a grande escala no terreo económico. Non menor era a fraude montada no ámbito político ao inducir ao groso da poboación a

substituíla á pseudo-democracia cuxo interese exclúinte é a preservación da riqueza dos ricos e o poderío dos poderosos.

A crise tivo por efecto facer concientes aos pobos do mundo desenvolvido que tanto eles coma nós, no Sur global, somos vítimas dun sistema que, desposuído xa das roupaxes que onte disimulaban a súa verdadeira natureza, somete a uns e outros a “unha explotación aberta, descarada, directa e brutal.” E que o que chaman democracia é en realidade a ditadura da oligarquía financeira, que como lembraba o Che na Conferencia de Punta do Leste, é incompatíbel coa democracia.

E QUE O QUE CHAMAN DEMOCRACIA É EN REALIDADE A DITADURA DA OLIGARQUÍA FINANCEIRA QUE... É INCOMPATÍBEL COA DEMOCRACIA

beral “nas augas xeadas do cálculo egoísta.” Como dicía unha das pancartas enarboradas na Praza do Sol de Madrid “isto non é unha crise, é unha estafa”. E da man dese doloroso descubrimento ía outro: a estafa non só se executa-

crer que a sórdida e inescrupulosa plutocracia baixo cuxa férula se desenvolvían as súas vidas era unha democracia. Por iso as queixas e reclamos esixindo unha “democracia real xa!”, unha “democracia verdadeira” que

É neste cadro cando “todo o sólido se esluíu no aire” e o berro desesperado da muller retratada días atrás nun magnífico relato de Pedregal Casanova revela o dramatismo da crise: “unha muller nova –no vagón dun tren de proximidade de Madrid– que un momento antes pasaría desapercibida, posta en pé, deixou escoitar entre choros as súas palabras: –Rógolles... rógolles... que me axuden! Son... mestra... nunca imaxinei que me podía ver na rúa. Quedei sen traballo... Botáronme do traballo –declarou quedamente– despedíronme –levantou un chisco o ton–, pecharon varias aulas, e aquí, estou aquí –laiábase apertando as mans unha contra a outra– estou soa cos meus dous nenos... Antes que durmir cos meus dous fillos outra vez nun caixeiro decidín pedir axuda.” [1]

Esta heroína –e vítima– anónima, mergullada violentamente nas augas xeadas da “racionalidade custo-beneficio do capitalismo” representa co seu berro aos centos de millóns que cos seus padecementos fan posíbel a opulencia dos plutócratas que dominan baixo o seu disfrace “democrático”-

Días atrás o *Financial Times* de Londres fixo público un informe sobre as remuneracións que, neste contexto de crise, percibían os máximos executivos das máis grandes empresas. A nota dicía que “no que respecta aos banqueiros a era da contención –salarial– rematou.” En 2010, mentres o mundo continuaba a súa caída libre cara ao desemprego de masas, as execucións hipotecarias e o empobrecemento xeral da poboación, a “retribución media dos máximos responsábeis dos 15 maiores bancos europeos e estadounidenses aumentou un 36%, até –acadar unha media anual de– 9,7 millóns de dólares.” O pelotón dos bribóns encabézo o presidente do JP Morgan Chase, Jamie Dimon, que mentres millóns de estadounidenses quedan sen emprego, ven executadas as súas casas e recurtados –cando non expropiados– os seus haberes xubilatorios, embolsou 20,7 millóns de dólares, case dous millóns de dólares ao mes. Séguelle un tal John Stumpf, presidente de Wells Fargo, con 17,5 millóns de dólares. Outro dos integrantes desa banda, Lloyd Blankfein, presidente de Goldman Sachs, home pío onde os haxa, dixo unha vez que os banqueiros facían “o traballo de Deus”. Polo seu celo sacro percibiu 14,1 millóns de dólares.

No estado español, conmovido até os seus cimentos pola onda de manifestacións dos “indignados”, o presidente do BBVA, Francisco González, confórtese con gañar uns 8.000.000 de dólares ao ano mentres que o seu colega do Banco Santander, o máis importante de España, foi máis ambicioso e acougou a



súa ansiedade ao ver recompensados os seus esforzos en prol dos seus aforristas con trece millóns de dólares. [2] Nin falemos, por suposto, das ganancias embolsadas polo seu xefe, o dono do Banco Santander, don Emilio Botín-Sanz de Sautuola e García dos Ríos, Marqués consorte de Ou'Shea, segundo rezan as historias de vida máis coñecidas, quen, previsor o home, tivo a precaución de depositar os aforros de toda unha vida de traballo e sacrificios neses tenebrosos santuarios do delito que son os bancos suízos. Poderíamos seguir enumerando contrastes deste tipo ao longo de moitas páxinas, pero sería ocioso. Con maior ou menor detalle todos saben dos tremendos contrastes que presenta o capitalismo na súa crise actual, cando a opulencia e o acelerado enriquecemento dos ricos conviven co empobrecemento das grandes maiorías sociais.

Diante desta situación cabe preguntarse polo destino destas orgullosas e arrogantes pseudo-democracias, violentamente desmistificadas e desfeticizadas á calor da crise. Tamén sobre os Estados que espiron a súa verdadeira esencia, convertidos, a dicir do vello Hegel, en "sociedades civís disfrazadas de Estado", é dicir, en aparellos institucionais que en lugar de ser as esferas da xustiza e a eticidade universal descendieron ao inferno do egoísmo universal e

da primacía dos intereses privados por riba do beneficio público. A deslexitimación das pseudodemocracias do capitalismo avanzado é unha moi boa nova, porque pon fin a unha mentira que nin sequera era piadosa, senón infame, posta ao servizo do afortalamiento das oligarquías e da opresión dos pobos.


Dados estes antecedentes non está de máis preguntarse sobre o que realmente está a acontecer en Eu-

los gobernantes", contra a desocupación ou o súbito empeoramento das condicións de vida, cuestións todas que non cuestionan inicialmente os cimentos da sociedade.

Cóntase que María Antonieta, esposa de Luís XVI de Francia, anotou no seu diario a noite do 14 de Xullo de 1789: "nada de importancia, alén dun disturbio nunha panadaría fronte á Bastilla". E na Rusia tsarista, o sacerdote ortodoxo Georgi

Será isto o que está a xestarse nestes días? Difícil dicilo, pero hai signos inequívocos de que os poderosos dispositivos desmobilizados e conformistas do fetichismo da mercadería e da pseudo-democracia deixaron de furrular. O capitalismo e a democracia liberal son unha xigantesca estafa, e esa convicción fíxose dolorosamente carne nos pobos de España, Grecia, Islandia, e comeza a se espallar por outras rexións do mundo desenvolvido, ademais do Norte de África e Medio Oriente. Esa certidume xa a tiñamos en América Latina, pero agora cobra novos bríos porque xa non se pode dicir que as protestas desta parte do mundo –a primeira en se rebelar contra a tiranía do capital na súa fase actual– eran produto do noso atraso ou da desmesurada cobiza das nosas clases dominantes; agora é case todo o mundo capitalista o que está en rebeldía porque alí tamén se está a aplicar a velenosa menciña do FMI, o BM e o Banco Central Europeo.

É demasiado cedo para saber se estas protestas terán a virtude de desencadear a revolución anticapitalista que a humanidade necesita imperiosamente para sobrevivir. Pero cando menos sabemos que de agora en diante a historia será distinta: que os condenados da terra non queren seguir vivindo como antes e que os ricos comezan a percibir que non poderán seguir dominando co-



mo antes. Son condicións necesarias –malia que non abundas– para unha revolución, o cal non é pouca cousa. Máis temperán que tarde a historia dará a coñecer o seu veredicto. ●

•INFO: www.atiliorboron.com

[1] Cf. Ramón Pedregal Casanova, "O Capitalismo real", en *Rebelión*, 19 de Xullo de 2006. www.rebelion.org/noticia.php?id=130733

[2] www.publico.es/dinero/382231/los-mayores-banqueros-del-mundo-se-suben-el-sueldo-un-36

[3] "Rosa Luxemburgo e a crítica ao reformismo socialdemócrata", estudo introdutorio á nova edición de *Reforma Social ou Revolución?*, de Rosa Luxemburgo (Bos Aires: Edicións Luxemburgo, 2010).

UM POVO.. BÍBLICO, UMHA CRISE APOCALÍPTICA



AMTOM FENTE PARADA
Activista.
Membro do Consello Editorial de Altermundo

Dizia Xosé Manuel Beiras em *O atraso económico de Galiza* que o galego era um povo bíblico e que o segundo livro do Pentateuco, o *Éxodo*, mesmamente semelhava que fora escrito para os galegos. Quarenta anos depois daquelas dicas o dito segue a ser tristemente certo, embora agora emigrem mais os melhor formados e a Galiza perda um potencia imenso polo *brain drain*. Contodo, som muitos os galegos que retornam agora desde outras partes do Estado por mor da crise económica sem terem tampouco aqui maiores perspectivas de progresso.

Desde janeiro fôrom 10.000 os *retornados* e a economia galega deprime-se mais e mais até conhecermos umha forte queda no consumo –o gasto meio nas rebaixas será este ano apenas de 50 euros por habitante– e que o risco de pobreza dos nossos reformados é semelhante ao dos reformados de Europa do leste com as aposentadorias mais baixas do Estado. Por enquanto, a brigada de demolição e limpeza étnica na Galiza dá amostras de inoperância todos os dias, por exemplo quando conhecemos que tem 70% de ajudas ao agro sem executar.

Enquanto as condições de vida se deterioram mais e mais a grande banca anuncia mais umha vez beneficios recorde pa-



ra este exercício, como também o figéram há pouco as grandes empresas do IBEX-35, as grandes beneficiadas pola crise no Reino de Espanha, um verdadeiro paraíso fiscal. Ao tempo que, desde as instituições de governança global, se pede subir o IVA no Estado espanhol –ou seja a carga contributiva da classe trabalhadora– e atacar a financiamento das autonomias para recortar em sanidade e educação olhamos para Botín e outros *grandes de España* que refugiam os seus cartos em Suíça para escapar do fisco coa aprovação de PP, PSOE, PNV e CiU.

É mais o PSOE e o PP fam um bloco monolítico contra as classes trabalhadoras para evitar a

reforma da Lei Hipotecária proposta polo BNG com o fim de instaurar a daçom de pago. Todo o poder para os bancos é a máxima dos partidos dinásticos da II Restauração que som os representantes políticos que garantem a transferência das rendas do trabalho para as rendas do capital sem importar-se de que 2.000.000 de espanhóis, eles que som tam nacionalistas, passem fame cada dia.

Aguarda-se que os 20 bancos europeus de maior capitalização alcancem um beneficio de 107.400 milhões de euros em 2012, 6% mais que os resultados recorde de 2006. No presente exercício preve-se já desde o sector uns beneficios que fiquem

apenas 19,4% por baixo das cifras de há cinco anos, ao tempo que reduzem a exposição a dívida grega em 40%, passando-a a dívida pública que se carrega sobre os estados e, já que logo, sobre as costas dos cada vez mais depauperados europeus. Quanto à grande banca do Estado espanhol o BSCH incrementará os ganhos até 9.070 milhões de euros e o BBVA superará 4.700 milhões sem que polo de pronto se destina a retribuir os accionistas.

É evidente que a *austeridade* que propugnam alguns é simplesmente a radiografia da luta de classes actual em Eurolândia, enquanto a alienação conduce aos europeus para os braços da extrema-direita e a xenofobia eleiçom num *Velho Continente* babélico e desquiciado onde existe umha profunda confusom de línguas:

Até agora, as medidas tomadas polas instituições e estados europeus presentaron umha secuencia en dous actos. O primeiro consistiu en garantir a salvación do sistema financeiro no seu conxunto inxectándolle tanta liquidez como necesitaba, evitando cargarlle as malas consecuencias económicas dos seus riscos aducindo que é demasiado grande para crebar, asumindo as instituições públicas o grosso das perdas financeiras privadas. No segundo, os estados europeus foron obrigados baixo fortes presións dos merca-

dos financeiro-corporativos a reducir o elevado endebedamento adquirido como un efecto das intervencións para salvalos, para o que foron constreñidos a retirar os estímulos á economía e contraer o seu gasto social para as súas respectivas cidadanías.

Para a burguesia e os seus mercenários, a comezar polo rei do Reino, do binómio político-mediático o importante é aquela máxima evangélica que Marx nos lembrava, a lei dos profetas, "acumulai! acumulai!". Eis o terrorismo financeiro de arestora, eis "los violentos" e "terroristas," eis o fascismo financeiro. Frente a isso só resta afirmar que:

A dirección da UE que reside no Consello, a Comisión e o Banco Central Europeo, actuou e actúa coma se, tanto a legitimación, como a democracia, fosen un asunto en exclusiva dos estados-nación e fosen alleas ás institucións de "governanza" da UE -presentadas como sistemas expertos de xestión cuxa lexitimidade lles é conferida polos estados.

[...] O contrapunto democrático á proclamada gobernanza experta da UE desde arriba e á imposición de plans de estabilización dos seus estados ricos son as repetidas folgas xerais en Grecia, as mobilizacións de traballadores en Portugal, as grandes mobilizacións en Irlanda, os movementos dos cidadáns indignados en España, as manifestacións de estudantes en Londres ou as folgas xerais en Francia. ●



DENDE O CONSELLO EDITORIAL

LIBERDADE NATURAL vs. LIBERDADE POLÍTICA

No moi interesante *La ciudad en llamas. La vigencia del republicanismo comercial* de Adam Smith, David Casasas resitúa a Smith na tradición republicana á que pertence e desmonta algúns dos tópicos máis extendidos arredor do escocés como aquel que di ver nel a un dos pais intelectuais do neoliberalismo que hoxe causa estragos en medio planeta.

No parágrafo que reproduce a continuación, citado no libro de Casasas, o propio Smith clarifica os dous sentidos do concepto *liberdade* que hoxe, despois do desarme ideolóxico da esquerda e do continuado e eficazísimo traballo de creación de discurso dos *think tanks* da dereita, tan a menudo se confunden. Escribía Adam Smith n' *A riqueza das nacións*:

“Acaso habrá quen sosteña que impedir que un particular reciba en pago os billetes dun Banco, por unha suma grande ou pequena, cando non ten inconvinte en aceptalos, ou prohibir a un banqueiro que os emita cando os demais non teñen inconvinte en recibilos, é un atentado manifesto contra a liberdade natural, que a lei está obrigada a non violar. Estas regramentacións poden considerarse indiscutiblemente contrarias á liberdade natural. Pero o exercicio desa liberdade natural por parte dun contado número de persoas pode ameazar a seguridade da sociedade enteira, de xeito que pode e debe restrinxirse pola lei de calquera Goberno, desde o máis libre até o máis despótico. A obriga de construír muros para impedir a propagación dos incendios é unha violación da liberdade natural, exactamente da

mesma natureza que as regulacións no comercio bancario das que acabamos de facer mención.”


Liberdade natural vs. liberdade política (ou a liberdade dos que son *igualmente libres*). Velaquí o quid do asunto. Precisamente nesta confusión entre liberdade natural e política ba-



seaba Roberto Blanco Valdés a súa última homilía na Voz de Galicia contra a que a CRTVG siga a emitir exclusivamente en galego (é dicir, a que a radio e a televisión pública galega siga a ser, en terminoloxía de Adam Smith, un *muro* construído a favor da lingua máis débil e a favor, polo tanto, da liberdade política dos galego-falantes (daqueles que falan a lingua minorizada) en lugar de favorecer a liberdade natural da lingua máis forte, a liberda-

de natural dos castelán-falantes (dos que usan unha lingua de Estado que, por selo, goza de todas as vantaxes e medios). Discernindo ben estes dous conceptos, liberdade natural e liberdade política, podemos comprender moito mellor por que a esquerda sempre estivo a favor de medidas de discriminación positiva para calquera minoría social, de xénero ou nacional.

Cando nas prazas tomadas polos chamados Indignados se está a pedir, con moita lucidez, a construción de muros que salvagarden ás persoas das decisións dos mercados -como Adam Smith reclamaba a construción de muros entre a xente e os bancos- pero se ignora que tamén cómpre reivindicar eses muros, por pura solidariedade, en favor de todos aqueles que padecen algún tipo de discriminación social aparentemente non económica (pensemos na nula reivindicación da lingua galega polos Indignados do país ou nos comentarios do tipo “o feminismo sepáranos” escoitados na acampada de Madrid a raíz da denuncia de discriminación de xénero na mesma) non só se está a ser incongruente e inxusto (porque se está a violentar a coherencia entre as distintas loitas) senón que, como escribía Casasas sobre Adam Smith, se está a considerar a vida social coma «un espazo neutro, politicamente aséptico, sen relacións de poder, no que a xente asina contratos libre e voluntariamente», algo que até aquel escocés do século XVIII, o que falara da man invisible do mercado, tiña claro que era falso. ● [David R. Rodríguez, ofunambulistacoxo. blogspot.com, 16/06/11]



www.federicomayor.blogspot.com

De axustadores a axustados

Durante décadas, os países máis prósperos, que substituíran as axudas por préstamos, os concedían en condicións draconianas, ás que chamaban “axustamento estrutural”. Para recibir os créditos os países debían cumprir tres requisitos: privatización, redución dos efectivos administrativos, e realizar infraestruturas -que, sendo un país “en desenvolvemento”- eran executadas por empresas dos países prestamistas.



En diversas ocasións puxen de manifesto, nos órganos directivos da UNESCO, a miña total desconfianza cunhas esixencias que beneficiaban máis aos doantes que aos prestatarios. Sendo Reitor da Universidade de Granada, en 1969, encomendáronme -daquela España era un país “subdesenvolvido”- recibir un importante préstamo do Banco Mundial para a formación profesional en Andalucía oriental. [...] despois de case dous anos, sabendo ademais todas as cargas que deben ser satisfeitas por quen reciben os préstamos desde o inicio das negociacións, decidín expulsar do meu despacho á numerosa Delegación do Banco Mundial.

[...] agora son os países que até hai uns anos “axustaban” os que se ven “axustados” e deben facer recorte tras recorte, privatizar, reducir os efectivos e soldos dos funcionarios... Se o miramos ben, en último termo, o “gran dominio” que estaba detrás dos axustamentos estruturais é o mesmo que agora promove os axustes dos outrora países adañados e manexa, ao seu gusto, as axencias de cualificación. De “axustadores” a “axustados”. Convén aprender rapidamente a lección. E reaccionar. ● [“De “ajustadores” a “ajustados”. Federico Mayor Zaragoza, 17/06/11]

Página 12

www.pagina12.com.ar

A gran pelexa grega

[...] A imaxe de Papandreu semella á do boxeador sen pernas, acurralado polo seu rival, mentres o adestrador, desde o su curruncho, pretende tirar a toalla. Por unha banda, atópase acurralado polas presións dunha sociedade que non está disposta a pagar os pratos rotos. E, pola outra, aguanta como pode os golpes dos organismos internacionais que demandan novos axustamentos e buscan que poña en marcha un programa de privatizacións inédito na historia de Grecia. O que se está a xogar, se cadra, é o futuro do euro e un capítulo importante da economía mundial. O que pase en Grecia vai repercutir nos países periféricos de Europa. Hoxe os helenos enfrontan unha pelexa que excede os habituais doce rounds. ● [“La gran pelea”. Adrián Pérez, 22/06/11]



MÉMOIRE DES LUTTES: www.medelu.org



Mercados de esquerda ou de dereita, tanto ten

[...] A conversión ao mercado e ao neoliberalismo, a renuncia á defensa dos pobres, do Estado de benestar e do sector público, a alianza co capital financeiro e a banca, desposuíron á socialdemocracia europea da súa identidade. Cada día resulta máis difícil distinguir entre dereitas e “esquerdas”. As dúas responden ás esixencias dos amos financeiros do mundo. A suprema ascusia destes consistiu en colocar un “socialista” á cabeza do FMI coa misión de impor aos seus amigos “socialistas” de Grecia, Portugal e España os plans de axustamento. ● [“Une ‘gauche’ dévoyée”. Ignacio Ramonet, 06/11]

BASTA!: www.bastamag.net



Ecoloxistas indignos e empresas verdes

[...] Até onde están dispostas a se comprometer algunhas organizacións ecoloxistas coas grandes empresas? Unha ex-empregada da poderosa ONG ianqui ‘Conservation Internacional’, Christine MacDonald, xornalista e autora de *Green. Inc.* demostra que a cambio de xenerosas doazóns, a organización axuda a transnacionais como Monsanto, BP, Total ou Walmart a ter unha imaxe “verde”. E asesora ao traficante de armas Lockheed Martin para reciclar metralla do campo de batalla... ● [“Comment les plus gros pollueurs de la planète ‘s’achètent’ des organisations écologistes”. Simon Guin, 15/06/11]

ALTERMUNDO: www.altermundo.org



O movemento 15M o vindeiro outono

[...] De seguro que, máis aló de todo o anterior, o futuro do movemento 15M depende en moi boa medida do que el mesmo decida ser. Ao respecto diso, non somos poucos -coidosos que desexamos que se converta nunha activa rede de asembleas e de autoxestión que, en todos os ámbitos, plante cara aos poderes establecidos e o faga sobre todo desde a contestación do capitalismo, da sociedade patriarcal e do produtivismo, e desde a solidariedade internacionalista cos países do Sur... ● [“O outono do Movemento 15M”. Carlos Taibo, 23/06/11]

BDS-GALIZA: www.bds-galiza.org



Activistas galegos saen camiño de Gaza

[...] As cinco activistas galegas de ‘Rumba a Gaza’, Fernando Blanco Arce, Antón Gómez-Reino (Tone), Alejandro Andares, Xesús Ramón Boán e Elvira Souto, partiron xunto outras activistas do aeroporto de Barajas, iniciando así a viaxe que as levará até a Faixa de Gaza. [...] A Campaña defínese como una iniciativa non violenta amparada polas lexislacións española e internacional, non adscrita a ningún partido político, cuxo fin último á coaduxa á procura dunha solución ao sometimento do pobo palestino que sexa xusta e acorde cos Dereitos Humanos... ● [22/06/11]